



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Expediente 2022/E001/000008. Bases xerais Concello de Boqueixón para estabilización do emprego temporal - Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía 772/2022 do 27 de decembro, aprobáronse as bases xerais polas que se rexerán os procesos selectivos que convoque o concello de Boqueixón para a estabilización do emprego temporal prevista na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As bases xerais serán de aplicación a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Contra o decreto de aprobación das bases pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñerse contra o decreto un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

EXPEDIENTE 2022/E001/000008. Bases xerais polas que se rexerán os procesos selectivos que convoque o concello de Boqueixón para a estabilización do emprego temporal prevista na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

1 NORMAS XERAIS

Estas bases regularán os aspectos comúns aos procesos selectivos que convoque o concello de Boqueixón para a selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, mediante procedemento extraordinario de estabilización de emprego temporal, dentro do marco xeral de execución da Oferta de Emprego Público correspondente. Todo o anterior entenderase de conformidade co disposto nos artigos 55 e 70 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, así como o previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas, que se aprobarán polo órgano competente.

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais e, no que non regulen, estarase ao disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP); a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL); o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL); a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP); o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso (RXI); a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC); a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP), e demais disposicións que resulten de aplicación.

Na convocatoria farase referencia á que a convocatoria corresponde ao proceso de estabilización previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro ou ás disposicións adicionais sexta ou oitava da devandita Lei.

As persoas que ocupen as prazas incluídas nesta convocatoria, e non concorran ao concurso ou concurso-oposición, non consolidarán o posto de traballo nin obterán indemnización ou compensación económica algunha, conforme ao artigo 2.6 da Lei 20/2021.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

1º. Prazas que cumpren as previsión do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

Código RPT	Denominación do posto	Grupo	Escala	Subescala	Nº de vacantes	Quenda	Sistema selectivo
3037	Operario de obras e servizos	V			3	Estabilización de emprego	Concurso oposición

Total de prazas a estabilizar por concurso-oposición: 3 a tempo completo.

2º. Prazas que cumpren as previsión da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

Persoal funcionario:

Código RPT	Denominación do posto	Grupo	Escala	Subescala	Nº de vacantes	Quenda	Sistema selectivo
4005	Auxiliar administrativo	C2	Adm. Xeral	Auxiliar	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso

Persoal laboral:

Código RPT	Denominación do posto	Grupo	Nº de vacantes	Quenda	Sistema selectivo
3017	Operario de augas	V	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
3027	Operario de obras e servizos	IV	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
4004	Educadora familiar	II	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
5205	Dinamizador social e informador xuvenil	IV	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
6003	AEDL	II	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
4011	Directora CIM	I	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
4012	Psicóloga CIM	I	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
4023	Educadora escola infantil	III	4	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso
4028	Cociñeira/limpadora/auxiliar	V	1	Convocatoria excepcional de estabilización de emprego	Concurso

Total de prazas a estabilizar por concurso: 13 a tempo completo.

2 REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES

Para a admisión á realización das probas selectivas será necesario reunir as seguintes condicións, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación e ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario ou persoal laboral fixo, sen prexuízo das que sinalen as bases específicas:

- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación: posuír a titulación académica que se requira nas bases específicas de cada convocatoria, ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
- Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar. (anexo I)
- Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilita-

ción absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial firme, para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público. (anexo I)

- f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar, ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo. O nivel de coñecemento da lingua galega concretarase nas bases específicas. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito e que se realizará ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase con anterioridade ó concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.
- g) Pago da taxa por dereitos de exame no proceso selectivo (Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. BOP nº 147 de data 04/08/2022).

DEREITOS DE EXAME:	TAXA
Prazas encadradas no grupo A ou I ou asimilados	70 €
Prazas encadradas no grupo B ou II ou asimilados	65 €
Prazas encadradas no grupo C ou III ou asimilados	60 €
Prazas encadradas no grupo D ou IV ou asimilados	55 €
Prazas encadradas no grupo E ou V ou asimilados	50 €

A taxa de participación no proceso selectivo debe ingresarse no seguinte número de conta:

ABANCA ES51 2080 0320 2031 1000 0344

Indicando no xustificante o nome e apelidos do/a aspirante á praza e o nome da praza á que se presenta.

O cumprimento deste requisito deberá realizarse, inescusablemente, dentro do prazo de presentación de instancias. Non será posible a emenda, nin total nin parcial, fóra do citado prazo. Unicamente admitirase a emenda da acreditación da realización do pago no prazo indicado.

- h) Presentar o Anexo I (modelo oficial de solicitude de participación e declaracións).
- i) Presentar o Anexo II (autobaremo).
- j) No caso de oficios, profesión e actividades que impliquen contacto con menores e exercicio destas: De conformidade co artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e para o exercicio destas, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
- Para estes efectos, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, tal e como se especificará nas bases específicas de cada praza.
- k) Outros requisitos que, no seu caso, poidan exixirse nas correspondentes bases específicas.

3 SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

Para participar nos correspondentes procesos selectivos deberase presentarse a documentación indicada a continuación dalgún dos seguintes xeitos:

- Telematicamente, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/index.html>).
- Presencialmente, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro do Concello de Boqueixón

- Por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da LPAC.

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Dito extracto recollerá a referencia ao número e data do Boletín Oficial da Provincia da Coruña no que se tivesen publicado con carácter íntegro as correspondentes bases específicas.

De ser o último día de presentación inhábil, o prazo entenderase automaticamente prorrogado ao seguinte día hábil.

Para ser admitido e, no seu caso, participar nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán presentar obrigatoriamente a seguinte documentación, sen prexuízo daqueloutra que se indique nas bases específicas:

- 1 Anexo I: Modelo oficial de solicitude de participación e declaración.
- 2 Anexo II (autobaremo)
- 3 Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade do/a aspirante. O documento que se presente deberá atoparse en vigor.
- 4 Xustificante bancario acreditativo de ter ingresado a taxa por dereitos de exame na Tesourería Municipal mediante transferencia bancaria a cantidade que corresponda segundo recolle a base segunda destas bases xerais.
- 5 Titulación académica que se requira nas bases específicas de cada convocatoria, ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo (xustificante de ter aboado a taxa polos dereitos para a súa expedición xunto co certificado acreditativo de ter finalizado os estudos correspondentes). Se estes documentos tivesen sido expedidos con posterioridade á data de finalización do prazo de admisión de solicitudes, deberá xustificarse o momento no que concluíron os estudos. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar en posesión da correspondente validación ou da credencial acreditativa da homologación.
- 6 Título acreditativo / certificado do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire, ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo. Se estes documentos tivesen sido expedidos con posterioridade á data de finalización do prazo de admisión de solicitudes, deberá xustificarse o momento no que concluíron os estudos.

Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito e que se realizará ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

- 7 No caso de oficios, profesión e actividades que impliquen contacto con menores e exercicio destas: De conformidade co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e para o exercicio destas, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, tal e como se especificará nas bases específicas de cada plaza.

- 8 Certificado/ carné de manipulador de alimentos (de ser o caso). Ver bases específicas das prazas convocadas.

Para valorar os méritos, a documentación a presentar é a seguinte acompañada do Anexo II (autobaremo):

Acreditación dos méritos a valorar na fase de concurso:

- 9 Os méritos profesionais:

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante Informe de Vida Laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e certificación de servizos prestados expedida pola Administración Pública ou empresa na que prestou servizos. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará a este efecto as funcións desenvolvidas, tempo traballado, grupo e/ou copia do contrato ou nomeamento.

- 10 Os méritos académicos:

Acreditarase mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación, a salvo especificacións recollidas nas bases específicas de cada praza

convocada. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar en posesión da correspondente validación ou da credencial acreditativa da homologación.

A valoración destes méritos realizarase segundo recolle o punto 6 desta bases xerais.

11 Aqueles outros que, no seu caso, puidesen esixirse nas bases específicas.

4 ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente da Corporación ditará resolución no prazo máximo de dous meses, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Dita resolución publicarase anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal: <https://www.boqueixon.gal/>

Así mesmo, en dita resolución constará a identidade dos/as aspirantes inicialmente admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión (todo iso con adecuación, en todo caso, ás previsións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e a protección de datos de carácter persoal).

Aqueles aspirantes excluídos/as, así como os/as que detectasen erros na consignación dos seus datos persoais ou omitidos, disporán dun prazo de 10 días hábiles, que comenzarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP aos efectos de subsanación das causas da súa exclusión da lista provisional de admitidos (de acordo co previsto no artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou para advertir os erros dos que, no seu caso, se tivera derivado a súa omisión na mesma. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

As alegacións ou emendas serán aceptadas ou rexeitadas por decreto da Alcaldía, que será obxecto de nova publicación no BOP no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, e na que se aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos; na mesma, tamén se determinará a composición nominativa do tribunal cualificador, e o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva) así como o inicio do proceso selectivo.

Se resulta procedente determinar a orde de actuación dos/as aspirantes, estarase ao determinado polo sorteo público ao que fai referencia o artigo 9 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Só procederá a devolución dos dereitos de exame nos supostos de exclusión por causa imputable á Administración.

5 TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.)

O tribunal constará dunha Presidencia, unha secretaría e 3 vocais, nomeados conforme ás seguintes prescricións:

Presidencia: un empregado/a público/a e o seu suplente, de categoría igual ou superior ás prazas convocadas.

Secretaría: un empregado/a público/a de categoría igual ou superior ás prazas convocadas.

Vogais: 3, empregados/as públicos/as de categoría igual ou superior ás prazas convocadas.

Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e voto, agás a secretaría, que non terá voto.

A súa composición farase pública no mesmo decreto da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, esta composición será predominantemente técnica e os vocais deben posuír titulación ou especialización igual ou superior ás exixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e á do Secretario.

Todos os membros do Tribunal que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, excepto no caso da Secretaría do tribunal que só terá voz)

As decisións do Tribunal adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

A designación dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes. Conforme ás prescricións da normativa aplicable, non poderán formar parte do tribunal o persoal eventual, o persoal laboral temporal nin os funcionarios interinos.

Deberán absterse de formar parte no tribunal de selección, notificándollo á autoridade convocante, aquelas persoas en quen se de algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP en diante). Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do mesmo cando conorra algunha das circunstancias sinaladas.

Na sesión de constitución do tribunal o presidente esixirá dos membros do tribunal declaración formal de non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 LRXSP. Esta declaración tamén debe ser cumprimentada polos asesores especialistas e polo persoal auxiliar que o Tribunal incorpore aos seus traballos, así como polos observadores/as.

Non poderán formar parte dos tribunais aquel persoal que, no eido das actividades privadas, tivese realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Ao tribunal cualificador seralle de aplicación, con carácter supletorio, o disposto para os órganos colexiados na Sección 3 do Capítulo 2 do Título Preliminar da LRXSP.

O tribunal actuará cos seus membros titulares. Nos casos de ausencia, enfermidade ou calquera causa xustificada, os membros titulares serán substituídos polos seus correspondentes suplentes.

A concorrencia de membros titulares e suplentes unicamente poderá producirse na sesión de constitución do tribunal e nas celebracións de exercicios. Se polo volume de opositores, a complexidade dos exercicios ou calquera outra circunstancia, o tribunal estima necesario a actuación de titulares e suplentes en sesións distintas ás especificadas anteriormente, poderá acordar dita actuación concorrente.

Os órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, respondendo aos principio de presenza equilibrada de homes e mulleres, e velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

A Presidencia do tribunal adoptará as medidas necesarias para que cada un dos exercicios da fase de oposición, de habelos, se realicen de xeito conxunto e coordinado, e para garantir que os mesmos se corrixan sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, quedando automaticamente anulados todos aqueles impresos de exame nos que consten marcas ou signos de identificación.

As resolucións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría e vincularán á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ao determinado polos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Os acordos do tribunal soamente poderán ser impugnados nos supostos e forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Se o tribunal, en calquera momento do proceso selectivo, tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún dos/as aspirantes incumpre un ou varios dos requisitos esixidos na convocatoria, poderá requirirlle os documentos acreditativos do seu cumprimento. No suposto no que o/a aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, o tribunal, previa audiencia do/a interesado/a, deberá emitir proposta motivada da súa exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano municipal competente. Contra dita resolución poderán interpoñerse os recursos administrativos ou reclamacións que correspondan. O tribunal continuará constituído en tanto non se resolvan as reclamacións interpostas ou as dúbidas que poida suscitar o proceso selectivo.

O tribunal poderá dispor da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas e cos cometidos que estimen pertinentes, limitándose ditos asesores especialistas para as probas e cometidos que estimen pertinentes, cinxíndose ditos/as asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Así mesmo, poderán valerse da actividade de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Igualmente, se o tribunal, durante o desenvolvemento do proceso selectivo, tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún dos/as aspirantes carece da capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas e funcións habituais da categoría obxecto da convocatoria, solicitará informe preceptivo dos órganos técnicos competentes, o que debe ser avaliado no prazo máximo de dez días e terá o carácter de determinante para resolver. Desta actuación daráselle coñecemento o/a interesado/a, ao obxecto de que poida formular as alegacións que estime oportunas.

Se do contido do informe se desprendese que o/a aspirante carece de capacidade funcional, o tribunal, previa audiencia do/a interesado/a, emitirá proposta motivada de exclusión do proceso selectivo dirixida ao órgano convocante.

Ata que se dite oportuna resolución polo órgano convocante, o/a aspirante poderá continuar participando condicionadamente no proceso selectivo.

O tribunal poderá excluír a aqueles/as opositores/as que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

O tribunal cualificador ostentará a categoría que corresponda ao grupo da escala e subescala que se convoque, conforme co recollido no artigo 30 do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o tribunal, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do tribunal poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. alcalde- presidente, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso- administrativo, e todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente

6 SISTEMAS DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

Os procesos de selección realizaranse mediante os sistemas indicados a continuación, conforme cos seguintes criterios:

A finalidade destas bases é contribuír á estabilización de emprego temporal ou interino por un emprego definitivo, todo iso ao abeiro do disposto no artigo 2.4 e na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

A articulación destes procesos selectivos de estabilización garantirá, en todo caso, co cumprimento da libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O sistema de selección será, tanto para o persoal funcionario como laboral, o de concurso-oposición, nos procesos convocados ao abeiro do artigo 2.4 da Lei 20/2021, cunha valoración na fase de concurso da porcentaxe que se estableza nas bases específicas sobre a puntuación total, e o resto da porcentaxe na fase de oposición, podendo non ser eliminatorios os exercicios desta fase.

O sistema de selección será o de concurso, de conformidade co artigo 61, apartados 6 e 7 do TREBER, para os procesos convocados ao abeiro da Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, isto é, para aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos, tivesen estado ocupadas con carácter temporal de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2016.

A) SISTEMA SELECTIVO ORDINARIO PARA PERSOAL LABORAL FIXO: CONCURSO-OPOSICIÓN.

FASE DE OPOSICIÓN:

Esta fase, que pode non ter carácter eliminatorio consonte ao disposto no artigo 2.4 da Lei 20/2021, consistirá nun ou varios exercicios de tipo práctico ou tipo test, que versarán sobre o contido do posto correspondente ás prazas que se convoquen, conforme ao disposto no temario recollido nas correspondentes bases específicas. Considerarase aprobada esta fase cando as persoas aspirantes tiveran acadado a puntuación total mínima requirida indicada nas bases específicas.

A fase de oposición valorarase coa porcentaxe que se estableza nas bases específicas, sen poder ser en ningún caso inferior ao 60% da puntuación total. O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que tivesen superado a mesma.

FASE DE CONCURSO:

Esta fase non terá carácter eliminatorio. Consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación, conforme co baremo que se indique nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

A fase de concurso terá a valoración sobre a puntuación total que se estableza nas bases específicas, sen poder ser en ningún caso inferior ao 40% da puntuación total e na que se terá en conta maioritariamente a experiencia na praza convocada.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude de participación ou non acreditados documentalmente durante o prazo de presentación. Non poderán presentarse méritos en período de corrección.

Con carácter xeral, agás as especificidades que se determinen nas bases específicas, serán méritos avaliáveis nesta fase os seguintes, conforme co baremo que se indica:

Méritos profesionais:

Valorarase os servizos prestados ata a data de publicación no BOE de cada convocatoria, conforme ás seguintes normas xerais, ata o máximo de puntos e valoración que se estableza expresamente nas bases específicas de cada convocatoria:

Experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, na praza convocada en calquera das distintas categorías ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas.

Experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, en prazas similares á que se convoca, con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas.

Experiencia profesional noutras Administracións Públicas como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, na praza convocada en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas. Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de Recoñecemento de Servizos Previos na Administración Pública.

Experiencia profesional noutras Administracións Públicas como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, en prazas similares á que se convoca, con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas. Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de Recoñecemento de Servizos Previos na Administración Pública.

No que se refire á experiencia profesional no sector privado, estarase aos criterios expostos polo Tribunal Supremo nas sentenzas do 12 de maio do 2008; 16 de febreiro, 23 de marzo, 6 de xuño e 13 de outubro do 2011; 2 de outubro do 2012 e 23 de febreiro do 2015, polo que a valoración dos servizos realizados na praza convocada ou en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías no sector privado realizarase consonte ao baremo establecido en cada base específica.

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e en ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de puntos establecido nas bases específicas.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables. Dividiranse entre trinta (30) e multiplicaranse pola puntuación correspondente segundo as bases específicas. De tal xeito, que unicamente se valorará a ratio enteira, depreciándose os decimais.

A puntuación reducirase proporcionalmente no caso de servizos prestados a tempo parcial.

Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados nos apartados anteriores tendo, por esa orde, carácter preferente e excluínente.

A puntuación máxima atribuíble a este apartado non poderá ser superior ao 90 por 100 da puntuación total da fase de concurso, segundo o que establezan expresamente nas bases específicas.

Méritos académicos:

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etcétera) cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado, impartidos por Centro Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, Femp, Fegamp, etc sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación (salvo especificacións recollidas nas bases específicas de cada praza convocada), ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases específicas.

Valorarase a formación considerada transversal polo seu interese para todos os postos, como pode ser: linguaxe administrativa galega, ofimática, prevención de riscos laborais, protección civil, atención ao cidadán, protección de datos, igualdade, lexislación relacionada e outra que poida ser recollida nas bases específicas ou que así o considere o tribunal cualificador.

En resposta ó esforzo a prol da dixitalización, boas prácticas na xestión administrativa e transparencia que o concello de Boqueixón ven facendo en base á obrigatoriedade de tramitación dixital e como beneficiario de fondos Next Generation, valorarase a formación específica no Programa Concello Dixital da Deputación da Coruña (Sede Electrónica, Tramitación agrupada,..) en TEDeC (Plataforma de tramitación de expedientes electrónicos da Deputación da Coruña), e en Medidas de

Prevención da Fraude e a Corrupción na Administración Local (PREMADECOR), e outras que recollan as bases específicas de cada convocatoria.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración as titulacións que se exixan para o acceso á correspondente praza nin outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización talleres, obradoiros, xornadas, seminarios, simposios ou congresos coa excepción de xornadas formativas que así o recollan expresamente no diploma, título ou certificado acreditativo e que consten como baremables nas bases específicas.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

A puntuación máxima atribuíble por méritos académicos non poderá ser inferior ao 10 por 100 da puntuación total da fase de concurso.

B) SISTEMA SELECTIVO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN: CONCURSO

Consonte coa Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, como medida excepcional de estabilización do emprego temporal de longa duración, permítese a posibilidade de convocar polo sistema de concurso aquelas prazas que, reunindo os requisitos, tivesen estado ocupadas con carácter temporal de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2016.

Consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos alegados e debidamente acreditados polos/as aspirantes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación, conforme co baremo que se indique nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

En ningún caso valoraranse méritos non alegados na solicitude de participación ou non acreditados documentalmente durante o prazo de presentación.

Con carácter xeral serán méritos avaliáveis nesta fase os seguintes méritos, consonte co baremo que se indica:

Méritos profesionais:

Valorarase os servizos prestados ate a data de publicación no BOE de cada convocatoria, conforme ás seguinte normas xerais, ata o máximo de puntos que se estableza expresamente nas bases específicas de cada convocatoria:

Servizos prestados en Administracións Públicas Locais como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, na praza convocada en calquera das distintas categorías ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas.

Servizos prestados en Administracións Públicas Locais como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, en prazas similares á que se convoca, con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, na praza convocada en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas. Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas como persoal funcionario, de carreira ou interino, ou laboral en calquera das súas categorías, en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías, ata o máximo de puntos que se estableza nas bases específicas. Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de Recoñecemento de Servizos Previos na Administración Pública.

No que se refire aos servizos prestados no sector privado, estarase aos criterios expostos polo Tribunal Supremo nas sentenzas do 12 de maio do 2008; 16 de febreiro, 23 de marzo, 6 de xuño e 13 de outubro do 2011; 2 de outubro do 2012 e 23 de febreiro do 2015, polo que a valoración dos servizos realizados na praza convocada en calquera das distintas categorías no sector privado realizarase consonte ao baremo establecido en cada base específica.

No que se refire aos servizos prestados no sector privado, estarase aos criterios expostos polo Tribunal Supremo nas sentenzas do 12 de maio do 2008; 16 de febreiro, 23 de marzo, 6 de xuño e 13 de outubro do 2011; 2 de outubro do 2012 e 23 de febreiro do 2015, polo que a valoración dos servizos realizados en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo en calquera das distintas categorías no sector privado realizarase consonte ao baremo establecido en cada base específica.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables. Dividiranse entre trinta (30) e multiplicaranse por pola puntuación correspondente segundo as bases específicas. De tal xeito, que unicamente se valorará a ratio enteira, depreciándose os decimais.

A puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial.

Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados nos apartados anteriores tendo, por esa orde, carácter preferente e excluínte.

A puntuación máxima atribuíble a este apartado non poderá ser superior ao 90 por 100 da puntuación total do concurso, establecerase a porcentaxe nas bases específicas de cada convocatoria.

Méritos académicos:

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etc) cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado, impartidos por Centro Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, Femp, Fegamp, etc sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación (salvo especificacións recollidas nas bases específicas de cada praza convocada), ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases específicas.

Valorarase a formación considerada transversal polo seu interese para todos os postos, como pode ser: linguaxe administrativa galega, ofimática, prevención de riscos laborais, protección civil, atención ao cidadán, protección de datos, igualdade, lexislación relacionada e outra que poida ser recollida nas bases específicas ou que así o considere o tribunal cualificador.

En resposta ó esforzo a prol da dixitalización, boas prácticas na xestión administrativa e transparencia que o concello de Boqueixón ven facendo en base á obrigatoriedade de tramitación dixital e como beneficiario de fondos Next Generation, valorarase a formación específica no Programa Concello Dixital da Deputación da Coruña (Sede Electrónica, Tramitación agrupada,..) en TEDeC (Plataforma de tramitación de expedientes electrónicos da Deputación da Coruña), e en Medidas de Prevención da Fraude e a Corrupción na Administración Local (PREMADECOR), e outras que recollan as bases específicas de cada convocatoria.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración as titulacións que se exixan para o acceso á correspondente praza nin outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización obradoiros, xornadas, seminarios, simposios ou congresos coa excepción de xornadas formativas que así o recollan expresamente no diploma, título ou certificado acreditativo.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

A puntuación máxima atribuíble por méritos académicos non poderá ser inferior ao 10 por 100 da puntuación total da fase de concurso, atendendo ó que establezan as bases específicas.

7 CUALIFICACIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN

Os procesos selectivos a través do sistema de concurso-oposición valoraranse de xeito que cualificación definitiva virá dada pola suma da cualificación obtida na fase de oposición e a correspondente á fase de concurso, establecéndose a seguinte ponderación:

Cualificación da fase de oposición: o tribunal queda facultado para a determinación do nivel mínimo exixido para a cualificación dos exercicios, conforme co sistema de valoracións que se adopte.

Cualificación da fase de concurso: a puntuación desta fase será o resultado de sumar as puntuacións obtidas en base aos diferentes méritos avaliábeis.

No caso de empate, aplicaranse os criterios de desempate recollidos nas bases específicas de cada praza convocada.

SISTEMA CONCURSO

Os procesos selectivos a través do sistema de concurso valoraranse de xeito que a cualificación definitiva virá dada pola cualificación obtida da suma das puntuacións en base aos méritos avaliados.

No caso de empate, aplicaranse os criterios de desempate recollidos nas bases específicas de cada praza convocada.

8 DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A orde de actuación dos/as aspirantes será a que resulte do sorteo público ao que fai referencia o artigo 9 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia, que debe reflexarse en cada convocatoria.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición aqueles/as que non comparezan. Agás casos de forza maior invocados con anterioridade e debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal de selección con absoluta liberdade de criterio. A non presentación dun aspirante no exercicio no momento de efectuarse o chamamento determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído en consecuencia do proceso selectivo.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á sala ou aula nas que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os anuncios de celebracións dos exercicios, de existir, faranse públicos con corenta e oito horas de antelación, cando menos, á sinalada para o seu inicio. Estes anuncios efectuaranse, cando menos, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web municipal: <https://www.boqueixon.gal/>

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos que se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web municipal, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial.

A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súas situacións.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal cualificador fará públicas, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web municipal xa citada a relación de aspirantes que tivesen acadado o mínimo establecido para superalos, con indicación da puntuación obtida. No suposto dos/as aspirantes que non tivesen acadado a puntuación mínima recolleranse na relación de puntuación coa anotación de “non apto/a”.

Nos casos de concurso, os aspirantes, unha vez presentada toda a documentación que acreditase os seus méritos, estarán a disposición do tribunal para calquera aclaración e/ou especificación que poida xurdir ao largo do proceso.

9 PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS.

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web do Concello, de ser posible.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da fase de oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón.

10 RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO E LISTA DE APROBADOS.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal cualificador elevará a relación de aprobados/as, en orde decrecente de puntuación acadada, con indicación do Documento Nacional de Identidade no xeito previsto legalmente para a protección dos datos de carácter persoal, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de edictos e na web municipal <https://www.boqueixon.gal/>

O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do tribunal ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu cometido de valoración estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria.

11 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo de vinte (20) días hábiles, a contar dende o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de persoas propostas para obtención dunha praza no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web municipal <https://www.boqueixon.gal/> e BOP, os/as aspirantes propostos aportarán os documentos que a continuación se relacionan:

- a) Orixinal Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade. O documento que se presente deberá atoparse en vigor. No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea de que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Orixinal ou copia cotexada do título exixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite ter realizado e aprobado os estudos completos necesario para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase aportar a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.
- c) Orixinal Anexo I e anexo II.
- d) Orixinal ou copia cotexada da documentación acreditativa dos restantes requisitos e, no seu caso, dos que puidesen exixirse en cada base específica.
- e) Orixinal ou copia cotexada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- f) Orixinal ou copia cotexada do número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- g) Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo da conta bancaria.

Consonte ao disposto no artigo 23.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, aqueles titulares que dentro do prazo indicado nas presentes bases, e agás os casos de forza maior debidamente acreditada, non achegasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos exixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

En todo caso, consonte ao disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, poderase conceder, a petición do interesado e sempre antes de vencido o prazo, ampliación do devandito prazo que non excederá da metade do mesmo.

Neste caso procederá a requirírselle a documentación ao aspirante que tivera quedado na seguinte posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

12 ADXUDICACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

A adxudicación de postos de traballo aos funcionarios de novo ingreso ou persoal laboral fixo efectuarase consonte coas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados a estes, segundo a orde obtida no proceso selectivo, tendo preferencia por optar por cada un dos funcionarios interinos ou persoal laboral temporal ao postos que desempeñase con carácter previo, no caso de que obtivesen praza no proceso selectivo.

13 NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO E TOMA DE POSESIÓN.

Finalizados os procesos selectivos para cubrir as prazas de persoal funcionario de carreira, as persoas que tivesen superado os devanditos procesos e que acreditasen cumprir cos requisitos esixidos, serán nomeados funcionarios de carreira mediante decreto da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, con indicación da praza adxudicada.

O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

A toma de posesión dos/as aspirantes que superasen o proceso selectivo efectuarase no prazo máximo dun mes, contado dende a data de notificación da resolución a cada un dos/as interesados/as.

14 CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Finalizados os procesos selectivos para cubrir as prazas de persoal laboral fixo, as persoas aspirantes que superasen aqueles e que acreditasen cumprir cos requisitos esixidos, serán contratados como persoal laboral fixo, previo decreto da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, con indicación do destino adxudicado.

Transcorrido o prazo de presentación de documentos, a Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación. Os aspirantes seleccionados deberán formalizar o seu contrato no prazo máximo dun mes, contado a partir da data da notificación da resolución da contratación.

Aqueles que, sen causa xustificada, non tomasen posesión dentro do prazo sinalado, non accederán á praza convocada do Concello de Boqueixón, perdendo todos os dereitos derivados das probas selectivas e do subseguinte nomeamento conferido. Así mesmo, dende a toma de posesión o persoal quedará obrigado a utilizar os medios que para o exercicio das súas funcións poña á súa disposición o Concello.

15 DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A participación no proceso selectivo implica o coñecemento, aceptación e consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos e na web municipal: <https://www.boqueixon.gal/>, cando así o requirise a tramitación do procedemento.

Por aplicación do principio de protección de datos os datos persoais que poden ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e número de Documento Nacional de Identidade, no xeito previsto legalmente.

16 RECURSOS.

As bases vinculan á Administración, ao tribunal cualificador e a quen participe no proceso de selección, e tanto as presentes bases e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal cualificados poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determinan a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como, no seu caso, pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

17 RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os/as aspirantes que resulten nomeados/as para estas prazas quedarán sometidos/as dende o momento da súa toma de posesión ao réxime de incompatibilidade vixente e non poderán simultanear o desempeño daquelas co de calesquera outras prazas, cargos ou empregos remunerados con fondos do propio Concello de Boqueixón, das Comunidades Autónomas, do Estado, de Entidades Locais, empresas que teñan carácter oficial ou relación con ditos organismos, aínda que os soldos teñan carácter e gratificación ou emolumentos de calquera clase.

Entrada en vigor

As bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Contra a resolución de aprobación das bases poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación, consonte co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados dende o día seguinte ao da súa publicación na web do Concello de Boqueixón.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO APROBADA POR DECRETO DA ALCALDÍA 262/2022, DO 24 DE MAIO DE 2022 E DECLARACIÓNS.

D.Dª:

con DNI:

domicilio en: _____, nº _____, piso _____, CP _____ localidade: _____

teléfono:

correo electrónico: _____.

EXPOÑO:

PRIMEIRO. Que desexo participar na CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO SEGUINTE:

PRAZA: _____

Procedemento de selección: CONCURSO

CONCURSO – OPOSICIÓN

SEGUNDO. Que declaro, baixo a miña responsabilidade:

- reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo, segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprometéndome a xustificalo documentalmente cando sexa requirido.
- posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.
- non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial firme, para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario ou persoal laboral público no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base 3 das bases reguladoras, a seguinte documentación:

- Anexo I: Modelo oficial de solicitude de participación e declaración.
- Anexo II (autobaremo)
- Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade. O documento que se presente deberá atoparse en vigor.
- Xustificante bancario acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal mediante transferencia bancaria a taxa por dereitos de exame.
- Titulación exixida nas bases específicas ou xustificante de ter aboado a taxa polos dereitos para a súa expedición xunto co certificado acreditativo de ter finalizado os estudos correspondentes.
- Título /certificado do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza.
- Non acredito o nivel de coñecemento da lingua galega polo que solicito realización da proba de nivel.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais (de ser o caso).
- Certificado/ carné de manipulador de alimentos (de ser o caso).
- Acreditación dos méritos profesionais e académicos a valorar na fase de concurso que son os que a continuación se indican:

-

-

Boqueixón, _____ de _____ de 2023.

Sinatura:.....

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, únicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos.

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS:

DNI:

DATA:

SINATURA:

A/A. ALCALDE DE BOQUEIXÓN

Boqueixón, 27 de decembro de 2022

O alcalde, Manuel Fernández Munín

2022/8504